

## A OMA recupera un hábitat natural no campus ourensán

A.Sousa | Ourense



Unha espazo natural dentro do campus ourensán acaba de ser recuperado pola Oficina de Medio Ambiente da Universidade (OMA). Esta oficina, que se ocupa da conservación dos ecosistemas naturais e da diversidade biolóxica, levaba tempo comprometida coa recuperación dunha parcela de mais de 8.500 metros pertencente o campus ourensán, que conta incluso cunha pequena charca na que crían patos en primavera, e que foi utilizada de vertedoiro durante anos.

Situada a carón do edificio Xurídico-Empresarial, a parcela estaba nun estado lamentable polo seu uso como escombreira. Dende fai moito tempo se pretendía realizar a mellora do terreo, pero ata febreiro do ano pasado non se puido acometer ningunha acción en serio.

Cando se comezou a facer a limpeza tivéronse que traer contenedores para poder retirar a cantidade de lixo que había no terreo: entre lavadoras velhas, colchóns, cociñas e bolsas de lixo levou un gran traballo para limpar a zona. A mediados de decembro puídoase ao fin comezar a desbrozar a maleza, mantendo todos os árbores que había, coma álamos, pinos piñoneiros, salgueiros, sobreiras e espiño albar. Ademais, procedeuse a eliminación de dúas especies invasoras con herbicida (as acacias e o ailantus chino) e logo tívose que levantar o terreo cunha escavadora para poder nivelalo.

Conxuntamente cós traballadores da empresa de escavadoras púxose un peche de madeira que permita a entrada dos paseantes, pero que impida que os coches podan seguir entrando na zona.

Una vez preparado o terreo, a segunda fase da operación consistiu en plantar diversas plantas do invernadoiro que a OMA ten no campus vigués. En total foron 50 especies, entre as que destacan as sobreiras, érbedos, aciñeiras, espiños e abruñeiros, “todas especies autóctonas desta zona”, tal e como sinala, José Manuel Pérez Teijeiro membro da OMA.

Ademais, coa colaboración do concello de Ourense, rescatáronse 14 árbores dunha finca moi próxima que vai ser destruída en breve: diversos sobreiras, pinus pinea, carballos, rebolos e algún pequeno érbedo que estaban nun terreo non que se vai a construír

proximamente foron transplantados a este solar, dentro do cal tamén hai unha pequena zona de proba con plantas arbustivas da zona, coma lavanda e carpazas. “A idea de esta parcela, ademais de limpala e que sexa zona de esparcemento é que có tempo reproduza o bosque natural ourensán. Pretendemos que sirva de zona de conservación do hábitat natural da zona e poda ser utilizada para a formación universitaria dos alumnos”, explicou José Manuel.